

Lingua galega e literatura, 3º ESO. Escolma de interferencias do castelán (castelanismos)

[Clave: *forma interferida (forma galega correcta)]

Castelanismos fonéticos

- Pronuncia do "xe" /x/ coma o "s". *Xa sei* realizado como */sa'sei/ (/fa'sei/)...
- Pronuncia da nasal velar /ŋ/ como alveolar /n/. *Ningunha* realizado como */niNguna/ (/niNguṇa/). *Un home* realizado como */un'ome/ (/uṇ'ome/)...
- Anulación da oposición entre vogais medias semiabertas (/ɛ/, /ɔ/) e semipechadas (/e/, /o/). *Pedra* realizado como */pedra/ (/pɛdra/). *Nove* como */nobe/ (/nɔbe/). *O penedo* como */ɔ'penedo/ (/o'penedo/)...

Castelanismos ortográficos

- Aplicación da norma ortográfica castelá no uso de b/v: *barrer (varrer), *maravilla (marabilla), *cobarde (covarde), *boda (voda), *abogado (avogado), *móvil (móbil), *automóvil (automóbil), *abó (avó), *grabar (gravar)...
- Aplicación da norma ortográfica castelá no uso de h/-: *húmero (úmero), *armonía (harmonía), *hirmán (irmán), *hola (ola), *hombro (ombro), *hinchazón (inchazón)...
- Uso da acentuación castelá: *parásito (parasito), *atmósfera (atmosfera), *acné (acne), *olimpiadas (olimpiadas), *héroe (heroe), *triatlón (tríatlón), *élite (elite), *parásito (parasito), *médula (medula), *termostato (termóstato)...

Castelanismos morfosintácticos

- Alteración do xénero dos substantivos: *a legume (o legume), *a labor (o labor), *a cárcere (o cárcere), *a sal (o sal), *a leite (o leite), *o análise (a análise), *o arte (a arte), *o orixe (a orixe), *o orde (a orde), *o auga (a auga), *o aula (a aula)...
- Ausencia do artigo con posesivos, co indefinido *todos* ou co indefinido *ambos*: *meu coche é este (o meu coche é este), *de todas formas (de todas as formas), *está en ambos documentos (está en ambos os documentos)...
- Ausencia de contracción das preposicións *de* e *en* cos pronomes *el*, *ela*...: *de el (del)...
- Uso de *eu* no canto de *min* en estruturas comparativas: *máis alto ca eu (máis alto ca min)...
- Uso do pronome reflexivo con verbo que leva CD: *laveime as mans (lavei as mans), *cominme un bolo (comín un bolo)...
- Uso pronominal ou reflexivo de verbos que non o admiten: *monteime na bicicleta (montei na bicicleta), *caínme da bicicleta (caín da bicicleta), *cálate xa (cala xa)...
- Colocación errada do pronome, por exemplo no inicio de enunciado ou directamente tras o suxeito: *o sei (seino), *o rapaz mo trouxo onte (o rapaz tróuxomo onte)...
- Emprego de *estos, *esos, *aquelos por estes, eses, aqueles: *estos días (estes días)...
- Presenza de indefinidos como *calquer, *calqueira, *alguien ou *nadie: *non había nadie (non había ninguén), *calquer día pasa un accidente (calquera día pasa un accidente)...
- Redución do presente de subxuntivo de verbos como *dar* e *estar*: *vereino cando mo dé (vereino cando mo dea), *agardo que estés (agardo que esteas)...
- Uso de tempos compostos con haber: *ela xa o había dito (ela xa o dixera)...
- Desaparición das alternancias vocálicas do radical en verbos como *durmir*, *subir*, *servir*, *ferir*, etc.: *eu durmo pouco, pero ti non durmes nada (eu durmo pouco, pero ti non dormes nada), *as túas palabras fírenme (as túas palabras férenme), *suben as temperaturas (soben as temperaturas)...

- Emprego de formas irregulares no presente e no perfecto de verbos en -ecer e -ucir: *traduxen o conto (traducín o conto), *non me canso aínda que conduzca de noite (non me canso aínda que conduza de noite)...
- Alteración da vogal da 1ª p. p. do perfecto dos verbos da CII (en -ER): *onte comimos de marabilla e non bebimos nada (onte comemos de marabilla e non bebemos nada)...
- Troco da conxugación de certos verbos: *batir (bater), *toser (tusir), *convertir (converter)...
- Conxugación dos futuros irregularmente: *valdrá (valerá), *sabría (sabería), *vendrá (virá)...
- Engadido da preposición *a* na perífrase IR+INF con valor de futuro: *vou a saír (vou saír)...
- Uso das preposicións *sin (sen) e *según (segundo), do adverbio *todavía (aínda) ou da conxunción *anque (aínda que): *según me dixeron, quedou sin nada (segundo me dixeron, quedou sen nada), *non sei nada todavía (non sei nada aínda)...

Castelanismos léxicos

- Castelanismos adaptados á fonética galega: *conexo (coello), *parexa (parella), *antoxo (antollo), *baraxa (baralla), *lentexa (lentella), *burbuxa (burbulla), *carreteira (estrada), *concecal (concelleiro), *pegaxoso (pegañoso/pegañento), *rodaxa (toro, torada, porción), *lexos (lonxe), *alonxar (afastar, distanciar), *xaula (gaiola), *desaiuno (almorzo)...
- Substitución da forma propia galega: *salú (saúde), *iglesia (igrexia), *pueblo (vila, aldea; pobo: comunidade, nación), *persona (persoa), *barniz (verniz), *embudo (embude, funil), *abuelo/a (avó/avoa), *adiós (adeus), *ballena (balea), *bellota (belota, landra), *mesilla (mesa de noite), *peine (peite), *peinar (peitear), *polvo (po), *viúdo/a (viúvo/a), *ardilla (esquí), *salir (saír), *helado (xead), *acera (beirarrúa), *arcén (beiravía), *asco (nox), *autopista (autoestrada), *ayer (onte), *calle (rúa), *cerveza (cervexa), *colilla (cabicha), *cucaracha (cascuda), *cuchara (culler), *cuchillo (coitelo), *cuna (berce), *dios (deus), *encia (enxiva), *escoba (vasoira), *gafas (lentes), *granizo (sarabia), *grifo (billa), *grúa (guindastre), *gusano (verme), *laguna (lagoa), *lejía (lixivia), *relámpago (lóstrego), *riñón (ril), *rodilla (xeonllo), *sartén (tixola), *tenedor (garfo), *testigo (a testemuña -persoa-, o testemuño -declaración, obxecto-), *tobillo (nocello), *tornillo (parafuso), *muñeca (pulso), *postre (sobremesa), *alquiler (alugueiro)...

Castelanismos semánticos

- *almorzar* por *xantar*: *almorzar* é en galego a realización da primeira comida do día; en castelán significa *xantar* (comer ao mediodía).
- *recorrer* (poñer un recurso) e *recorrido* por *percorrer* (realizar un percurso) e *percorrido*.
- *roxo* por *vermello*: *vermello* é encarnado, colorado, e *roxo* amarelo dourado, acastañado.
- *rubio* por *louro*: *rubio* é vermello (*tiña os ollos rubios, ou sexa, encarnados*) e *louro* é dourado, sobre todo aplicado á cor do cabelo.
- *solo* por *chan*: *solo* é a superficie terrestre ou un terreo delimitado, *chan* é a superficie pola que se camiña.
- *sono* por *soño*: *sono* é a gana ou desexo de durmir (*teño moito sono*) e tamén o estado de repouso durante o cal durmimos; *soño* son as imaxes oníricas.

+ Hiperenxebrismos ou hipergaleguismos (reacción ultracorrectora)

- *primaveira (primavera), *sinceiro (sinceiro), *abandoar (abandonar), *inconvinte (inconveniente), *humán (humano), *urbán (urbano), *zoa (zona), *brilar (brillar), *pranta (planta), *estran (estran), *ordear (ordenar), *destiño (destino)...